

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

EXTRACTO da Orde do 14 de outubro de 2022 pola que se regula o procedemento de concesión dos Premios Galicia de Acción Voluntaria 2022 e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS508D).

BDNS (Identif.): 654370.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Obxecto

Establecer a regulación do procedemento de concesión dos Premios Galicia de Acción Voluntaria coa finalidade de recoñecer publicamente o labor daquelas persoas físicas e xurídicas que, de xeito cotián, desenvolvan programas, accións ou proxectos de voluntariado na Comunidade Autónoma de Galicia, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2022.

Segundo. Bases reguladoras e convocatoria

Orde do 14 de outubro de 2022 pola que se regula o procedemento de concesión dos Premios Galicia de Acción Voluntaria 2022 e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento BS508D).

Terceiro. Modalidades e persoas destinatarias

Os Premios Galicia de Acción Voluntaria terán as seguintes modalidades:

- a) Premio voluntaria/o do ano: modalidade individual, para as persoas físicas.
- b) Premio entidade de acción voluntaria do ano: modalidade colectiva, para as entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia.
- c) Premio mellor proxecto de acción voluntaria do ano: modalidade para proxectos elaborados por entidades de acción voluntaria inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de



Galicia, presentados por unha entidade de xeito individual ou por varias entidades de xeito conxunto, que se caractericen pola innovación e a repercusión social.

Cuarto. *Premios*

Outorgarase un premio en cada unha das modalidades establecidas, cuxa dotación económica será de 4.000 euros por modalidade.

Quinto. *Orzamento*

Para o financiamento destes premios destinarase un crédito de 4.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.312F.480.0, para os premios das persoas físicas na modalidade individual, e un crédito de 8.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 13.06.312F.481.0, para entidades de acción voluntaria da modalidade colectiva e de proxectos, consignadas na Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Sexto. *Outros datos*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2022

A conselleira de Política Social e Xuventude
P.S. (Decreto 153/2022, do 13 de setembro; DOG nº 175, do 14 de setembro)
Francisco José Conde López
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación

CVE-DOG: oqs42r63-ome8-7l11-wjn3-yzeqjgalvni2

